

NOTA DE PRENSA

O COPG acusa á Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local de favorecer a desaparición do sistema de Servizos Sociais

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2013.- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia considera que coa aprobación da Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, os Servizos Sociais quedan tremendamente afectados e vinculados ás fluctuacións económicas e á vontade dos dirixentes.

A normativa coincide cun dos momentos de máis demanda e necesidades a cubrir. Coa entrada en vigor desta lei, o servizo público que debe facilitar recursos e itinerarios de inclusión social, garantir a atención ás persoas dependentes, brindar protección e oportunidades sociais e educativas aos menores, queda en vías de desmantelamento.

A norma exime aos concellos de menos de 20.000 habitantes de prestar ningún deber de atención e limita as funcións e servizos dos municipios restantes, que deberán encargarse de avaliar as necesidades e informar de situacións de necesidade social, así como da atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Hai que salientar que en Galicia a maior parte da poboación vive en núcleos pequenos. Aqueles cidadáns, incluídas as persoas maiores e os menores en situacións de emerxencia social ou aqueles que pola precariedade laboral viven con necesidades cruciais, resultan literalmente desprotexidos, a expensas de que existan recursos económicos que permitan proporcionarlles a atención necesaria e abocados a situacións de extrema pobreza.

Todas as familias ou unidades de convivencia que se atopen en situación de vulnerabilidade, e neste contexto de crise multiplícanse progresivamente, quedan sen atención profesional e sen recursos. O COPG ve alarmante que os servizos comunitarios, que constitúen a canle normal de acceso ao sistema, cos que se garantiza a universalidade do mesmo e que se caracterizan pola súa proximidade ás persoas usuarias, ás familias e á comunidade, estean chamados a desaparecer.

Tamén figura en vías de extinción o labor fundamental dos profesionais na atención e nos servizos de orientación, na educación familiar, no coidado ás persoas nos centros de inclusión e emerxencia social, nos centros de día, centros ocupacionais ou nos programas desenvolvidos por equipos técnicos. Son todos eles recursos específicos para favorecer a igualdade, a autonomía e a calidade de vida das persoas destinatarias.

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia entendemos que agora é o momento potenciar e investir no labor dos profesionais da Psicoloxía desde os municipios, con programas e proxectos que dean resposta axeitada ás necesidades das persoas. Así mesmo, consideramos que son de vital importancia as políticas preventivas e de actuación en materia social, precisamente para que a cohesión social non se rompa e a sociedade non se derrube.

Urxe poñer freo a esta decadencia e reflexionar en que tipo de sociedade queremos vivir, pois unha comunidade enferma non se desenvolve nin progresa e a posibilidade dunha vida digna é o primeiro piar dunha vida sa e en definitiva dunha sociedade sa.

Saúdos,

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Raquel Miranda
634 599 932
comunicacion@copgalicia.org

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
www.copgalicia.es
copgalicia@cop.es